

## Suspensión de contrato por risco por embarazo

18 de xaneiro de 2018

**Cando por motivo do seu embarazo a traballadora ou o seu bebé poden sufrir risco para a súa saúde, esta ten dereito a que a cambien a outro posto de traballo compatible co seu estado, ou, se non é posible á suspensión do seu contrato durante o período necesario** para a protección da súa seguridade ou da súa saúde e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado. Así o establece o art. 26.3 da lei de Prevención de Riscos Laborais.

É dicir, se a a empresa non pode proporcionarche outro posto de traballo compatible co teu estado tes dereito á suspensión do contrato. Para iso deberás comunicar ao INSS ou á Mutua a suspensión do contrato de actividade por risco do embarazo acompañado de:

- Informe do médico da Seguridade Social.
- Declaración da túa empresa sobre as actividades realizadas, condicións do posto de traballo, categoría, risco específico.



Os servizos médicos do INSS ou da Mutua emitirán un certificado médico acreditando (ou non) que as condicións do posto inflúen negativamente na saúde da traballadora ou do feto.

Posteriormente deberás presentar unha solicitude no INSS ou na Mutua segundo modelo oficial cos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI (por ambas as caras)
- Impreso a efectos IRPF (modelo 145 da Axencia Tributaria)
- Informe médico Servizo Público Saúde que acredite a situación de embarazo e a data probable de parto
- Declaración empresarial de situación de risco

- Avaliación do posto de traballo ("Disposición adicional segunda do RD 295/2009, do 6 de marzo e art. 16.2 da Lei de Prevención de Riscos Laborais")

Se tes algunha dúbida, consúltanos.

*Xuntos podemos máis*

## SNEP- FeSP-UGT

(Sindicato Nacional Ensino Privado FeSP-UGT Galicia)

### **Pontevedra**

Pasantería 1, 1º  
Telf 986 858 413  
[pontevedra@feteugtgalicia.es](mailto:pontevedra@feteugtgalicia.es)

### **Arousa**

Rúa Castelao 22, Baixo  
Telf. 986 511 213  
[arousa@feteugtgalicia.es](mailto:arousa@feteugtgalicia.es)

### **Vigo**

García Barbón 67  
Telf 886 132 759  
[vigo@feteugtgalicia.es](mailto:vigo@feteugtgalicia.es)

### **Lugo**

Ronda da Muralla 58, 1º  
Telf 982 221 854  
[lugo@feteugtgalicia.es](mailto:lugo@feteugtgalicia.es)

### **Ourense**

Parque San Lázaro 12, 1º  
Telf. 988 237 790  
[ourense@feteugtgalicia.es](mailto:ourense@feteugtgalicia.es)

### **A Coruña**

R/ Miguel Ferro Caaveiro, 12-1º, 15707 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 57 36 34 - Fax: 981 57 50 33  
<http://www.feteugtgalicia.es>

Avda. Fernández Latorre 27, 3º  
Telf 981 24 84 71  
[acoruna@feteugtgalicia.es](mailto:acoruna@feteugtgalicia.es)

### **Santiago**

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º  
Telf: 981 573 634  
[compostela@feteugtgalicia.es](mailto:compostela@feteugtgalicia.es)

### **Ferrol**

Rúa do Carme 43-45, 2º  
981 359 131  
[ferrol@feteugtgalicia.es](mailto:ferrol@feteugtgalicia.es)

# FETE



# Informa-t

R/ Miguel Ferro Caaveiro, 12-1º, 15707 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 57 36 34 - Fax: 981 57 50 33  
<http://www.feteugtgalicia.es>

**FETE**